

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 26 DE MAIO DO ANO 2017

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 26 de maio do ano 2017, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Excusan a súa asistencia: JESÚS SOUTO PENA e CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste como interventora accidental Lucía Barreiro Angeriz

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na

ORDE DO DÍA.

Previo o inicio da sesión gárdase por todos os membros da Corporación un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non habendo alegacións enténdese aprobada a acta de 31.03.2017

2.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE APROBACIÓN DE BONIFICACIÓN NA CUOTA DO ICIO SEGUNDO A ORDENANZA FISCAL Nº 17-ARTIGO 6

Procédese pola Secretaria a dar lectura ao Ditame da Comisión Informativa que copiado literalmente di:

“A Comisión Informativa Permanente e Facenda e Asuntos Especiais do Concello da laracha corcou en seión celebrada o día 23 de maio de 2017 ditaminar favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

“PROPOSTA

A Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, recolle no artigo 6º apartado d) a posibilidade de conceder unha bonificación do 95 % na cota de dito imposto a aquelas construción, rehabilitación ou reparación de vivendas promovidas por persoas en situación de emerxencia social. Tal declaración, así como o outorgamento da bonificación, corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.

T. L. G. (DNI nº32.698.858-B) solicita, con data 10 de maio de 2017 e rexistro de entrada nº 2.325, a aplicación da bonificación da cota do imposto de construcións, instalacións e obras.

Por Resolución da Alcaldía nº 318-2017, do 3 de maio de 2017 concédese á solicitante unha axuda por importe de 2.912,43 euros en concepto de axuda económica por emerxencia social municipal para arranxos na súa vivenda habitual.

Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte acordo:

Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada, así como a bonificación no imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras na porcentaxe que se especifica.

Solicitante: T L G

Data da solicitude: 10.05.2017

Obra: Obra en vivenda, instalación acometida auga, baño e reforma de electricidade.

Causa Artigo 6º da O.F. 17º apdo d) reparacións promovidas por persoas en situación de emerxencia social

Porcentaxe da bonificación: 95%

A Laracha, 26 de maio de 2017”

Rematada a lectura do ditame sométese este a aprobación resultando aprobado por unanimidade.

3.- DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO 1º TRIMESTRE 2017

Dase conta á Corporación do período medio de pago do 1º Trimestre de 2017 que é de 9.43 días.

4.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DE 2016

Dase conta da liquidación do ano 2016 aprobada por Resolución de alcaldía, que se anexa:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Examinado o expediente de liquidación do Orzamento do exercicio económico de 2016, vistos os Informes de Intervención acerca de dito expediente e acerca da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto, vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a devandita Lei en materia orzamentaria,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio económico de 2016, co seguinte **resultado orzamentario**:

1.-Dereitos recoñecidos netos (1.a + 1.b + 1.c).....7.671.214,60 €

1.a.- Operacións non financeiras (1.a.1 + 1.a.2).....
.....7.671.214,60 €

1.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....
7.385.750,88 €

1.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....
.....285.463,72€

1.b.- Activos financeiros
.....0,00 €

1.c.Pasivos financeiros
0.00 €

**2.-Obrigas recoñecidas netas (2.a + 2.b + 2.c).....
7.401.552,14€**

2.a.- Operacións non financeiras (2.a.1 + 2.a.2).....
.....7.401.552,14 €

2.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....
.....6.370.796,18 €

2.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....
1.030.755,96 €

2.b.- Activos financeiros
.....0,00 €

2.c.- Pasivos financeiros
0.00 €

**3.-Resultado orzamentario(1-2).....
269.662,46 €**

4.- Axustes:

4.a.- Obrigas recoñecidas financiadas con remanente para gastos
xerais..104.044,26 €

4.b.- Desviacións de financiamento negativas do
exercicio660.943,24€

4.c.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio
.....265.066,94 €

**8.- RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3 + 4.a + 4.b -
4.c).....769.583,02 €**

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte estado de **Remanente de Tesourería:**

**Debedores pendentes de cobro en fin de
exercicio:.....343.119,99 €**

De orzamento de ingresos, orzamento corrente: 239.945,87 €

De orzamento de ingresos, orzamentos pechados: 1.298,87 €

Doutras operacións non orzamentarias: 107.220,57 €

Menos = Ingresos pendentes de aplicación definitiva: 5.345,32 €

**Acredores pendentes de pago en fin de
exercicio:210.601,22 €**

De orzamento de gastos, orzamento corrente: 5.192,68 €

De orzamento de gastos, orzamentos pechados: 400 €

De outras operacións non orzamentarias: 207.236,19 €

Menos = Pagos pendentes de aplicación definitiva: 2.227,65 €

**Fondos líquidos na tesourería a fin de exercicio:
.....1.671.456,37 €**

**REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL.....
1.803.975,14 €**

**Saldos de dubidoso cobro
.....324,72 €**

**Exceso de financiamento afectado.....
.....5.830,88 €**

**REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS
XERÁIS.....1.797.819,54 €**

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno da presente Resolución na primeira sesión que se celebre.

CUARTO.- Remitir copia da Liquidación do Orzamento de 2016 á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O alcalde manifesta a súa satisfacción pola boa situación económica da corporación

5.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Explica o alcalde que son resoluciónns as que se traen como dación de conta a este pleno, dende a resolución nº 216/2017 ata a nº 386/2017, das que se remitiu relación detallada aos concelleiros aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, quedando o Pleno da Corporación enterado das mesmas

6.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

MOCIÓNS

O alcalde pregunta ao concelleiro do GRUPO MIXTO se ten algunha moción de urxencia para presentar. O concelleiro do Grupo Mixto responde que non.

1º.- Moción do concelleiro socialista Eladio Verdía García relativa ás autocaravanas a cal tivo entrada no rexistro o día 24 de maio de 2017 co nº 2584

Dalle lectura á mesma, constando a seguinte proposta:

.- A creación dunha área para autocaravanas nalgunha das parcelas colindantes cos actuais aparcamentos da praia das Salseiras.

.- Ata que esta área non estea acondicionada, finalizar coa prohibición de estacionamento nos aparcamentos de dita praia e só prohibir a acampada

Acabada a lectura explica o alcalde que fai 3 anos tiveron contactos con autocaravanistas de Castilla, Asturias. Que chegou a un acordo de habilitar unha área de servizo en Caión e outra na comarcal. Puxeron a Laracha como exemplo por ser as primeiras áreas de servizo da Costa da Morte. Explica que as áreas está funcionando. Que se fixo una inauguración con mais ou menos 350 caravanas en Caión.

Di que no que se plánteo agora hai que mirar 2 cosas.

- 1) Vías de servizo con todos os servizos que prestan a través de iniciativa privada.
- 2) Ou dende o Concello construír un servizo para as autocaravanas con todos os servizos e habería que licitar esa concesión e explotación.

Di o alcalde que hai que escoitar aos autocaravanistas, Tamén aos usuarios da Praia de Caión e aos veciños de Caión.

Di que había que nivelar terreo e podería Costas poñer problemas

Di que na época de praias este verano de 2016 prohibiuse o estacionamento das autocaravanas. Di o alcalde que ten a explanada do antigo campo de fútbol onde están tamén os establecementos comerciais.

Pero que diante da praia non pode ser na época de verán.

Tamén poden estar xunto ao Pavillón arriba.

Intervén o concelleiro socialista Eladio Verdía e di que el non defende aos que aparcan incumprindo a lei e que é certo que a xente queren ir a primeira liña de praia. Di que é certo que habería que facer obra na praia pola orografía

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada 12 votos en contra (11 do Grupo municipal do PP e 1 do Grupo Mixto) , 2 a favor do Grupo municipal do PSOE e 1 abstención do BNG

2ª Moción do concelleiro do BNG Xoán Manuel Sande Muñiz por vía de urxencia relativa á reinversión do superávit (que tivo rexistro de entrada no concello o día 9 de maio de 2017 le a moción presentada o 09/05/2017 nº 2312 RE.

Di o alcalde que este é un tema moi debatido, moi criticado polos concellos con boa situación económica.

Que é moi debatido nas federacións de municipios de todas las CCAA.

Di o alcalde que el toma parte polo PP na Comisión de Facenda da FEMP

Di que se demanda sempre o mesmo que é buscar fórmulas que axuden aos municipios endebedados e poder usar os remanentes dos concellos con boa situación económica.

Di que dende a Comisión houbo solicitadas varias reunións co ministerio e que hai acordo de todos os grupos políticos. Incluso o PP presentou unha enmenda aos Orzamentos do Estado

Di o alcalde que vai apoiar a moción, pero que lle interesa presentar unha enmenda á mesma e a ver se sae pactada entre todos e dirixir o acordo directamente ao Ministerio de Facenda.

Sométese a votación a urxencia da sesión resultando aprobada por unanimidade. Así, en canto ao fondo acórdase por unanimidade manterse o texto da moción sendo o acordo o seguinte:

O Pleno do Concello da laracha insta ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a revisar o deseño e aplicación da regra de gasto contida na lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira para permitir ás administracións públicas a reinversión do superávit da liquidación orzamentaria

Sometida a votación a moción enmendada resulta aprobada por unanimidade

3ª Moción do concelleiro do BNG Xoán Manuel Sande Muñiz por vía de urxencia relativa ao servizo de normalización lingüístico (que tivo rexistro de entrada no concello o día 15 de maio de 2017 co nº 2433 RE.

O concelleiro do BNG le a moción na que se propón:

.- Creación dun servizo de normalización lingüística estable e dotado de medios materiais, humanos e económicos suficientes. Este departamento técnico será o encargado de planificar, xestionar, desenvolver e avaliar as accións de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, e tamén

participará no deseño de todo tipo de accións que se desenvolvan desde as diferentes áreas do concello para determinar nelas obxectivos e medidas normalizadoras

.- Aprobación dunha Ordenanza para o impulso do uso do galego, na que se establecerán os obxectivos normalizadores básicos do concello, na que se regularán os usos lingüísticos da administración e na que se establecerán as medidas básicas para a procura do incremento do uso e prestixio do galego desde o concello.

.- Establecemento dunha partida específica suficiente para as accións de normalización lingüística no orzamento municipal

.- O galego será a lingua de uso normal en toda a administración, rotulación, publicidade, comunicación, información, sinalización, programas informáticos... así como na atención ao público, tanto oral como escrita, en todos os servizos municipais.

Rematada a lectura intervén o alcalde. Di que comparten a proposta, que o concello forma parte da Rede de Dinamización da Lingua Galega.

Explica que se acordou aprobar a solicitude da subvención.

Pero que hai que abrirse a máis idiomas castelán/inglés para promocionarse entre un maior público.

A favor de urxencia= 4 :BNG + PSOE + TEGA

En contra= 11 do Grupo municipal do PP

Explica o alcalde que no apoia a urxencia porque este tema xa se abordou na Xunta de Goberno Local do día anterior en cuxa sesión aprobouse a solicitude da subvención para dinamización da lingua galega e implantación do servizo de normalización lingüística

4ª Moción do concelleiro do Grupo Municipal do PP José Ramón Martínez Barbeito, relativa a solicitude da posta en marcha do Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ó centro urbano da Coruña que tivo entrada no rexistro da corporación o día 23 de maio de 2017 co nº 2554 de RE

Le o concelleiro José Ramón Martínez Barbeito a moción relativa a solicitude da posta en marcha do Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ó centro urbano da Coruña na que se propón:

.PRIMEIRO- Dirixirse ao Concello da Coruña para que permita a posta en marcha gradual, canto antes, do Plan de accesibilidade do transporte interurbano ó centro urbano da Coruña e, nomeadamente, que:

- Emita a autorización das licencias municipais necesarias para acometer as obras de adecuación das paradas responsabilidades da Xunta de Galicia
- Contrate e execute á maior brevidade as obras correspondentes ao Concello da Coruña

SEGUNDO: Dirixirse á Xunta de Galicia para que poña en marcha á maior brevidade o Plan de accesibilidade do transporte interurbano ó centro urbano da Coruña e nomeadamente que:

- Emita a autorización das licencias municipais necesarias para acometer as obras de adecuación das paradas responsabilidades da Xunta de Galicia.

- Contrate e execute á maior brevidade as obras correspondentes ao Concello da Coruña

SEGUNDO: Dirixírsen á Xunta de Galicia para que poña en marcha, á maior brevidade posible, o Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ó centro da Coruña, e nomeadamente, que:

- Contrate e execute as obras da súa competencia en canto conten coa licenza municipal
- Inicie a poste en marcha gradual do plan en canto sexa posible

Intervén o concelleiro Eladio Verdía do Grupo municipal socialista e di que van votar a favor.

Intervén o concelleiro Xoán Manuel Sande Muñiz do Grupo municipal do BNG e di que van votar a favor,

Sométese a votación a urxencia da moción resultando aprobada por unanimidade.

Sométese a votación o fondo da moción resultando aprobada por unanimidade

PREGUNTAS

O concelleiro socialista Eladio Verdía García presenta a seguinte pregunta (RE24.05.2017 nº 2585)

¿ Cál é o motivo polo que non se nós entregou unha copia da chave da porta ós distintos grupos municipais?

Contéstalle o alcalde que se lles entregará xa a chave

A segunda pregunta é: fai uns días saíu publicado en varios medios de prensa pola intención do goberno de crear un viveiro de empresas no Polígono de Laracha, despois de que os grupos da oposición o levasen pedindo insistentemente dende fai tempo ¿ cál foi o motivo polo que o goberno local mudou de opinión e agora pensa que é necesario crear este viveiro de empresas?

Contéstalle o alcalde dicindo que foi agora cando saíu a subvención e que por ese motivo aproveitouse. Explica tamén que supón unha aportación do concello de 119.000€

E, non habendo mais asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as 14:30h